



## SOLICITUDE DE LICENZA DE ACTIVIDADE

Interesado			
NIF/CIF	Nome e apelidos		
Enderezo para os efectos de notificacións			
Municipio	CP	Provincia	Teléfono
Correo electrónico			
Representante			
NIF/CIF	Nome e apelidos		

### Expón

Que pretende desenvolver a actividade de .....  
no local sito ..... coa referencia catastral  
..... e denominación comercial .....

**SOLICITO** licenza de actividade conforme ao artigo 41 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

(1) Así mesmo efectúo COMUNICACIÓN PREVIA pola que declaro que as obras que vou a executar no local citado son as seguintes:<sup>1</sup>

- Obras a realizar:

.....  
.....  
.....

-Prazo de execución das obras: ....., que dará comezo .....

-Presuposto de execución material: .....

<sup>1</sup> (art. 196.2 Ley 9/2002 LOUGA) A cumprimentar no caso de que, de conformidade co artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, non sexa necesaria licenza previa para a realización das obras.

## Documentación presentada

- Proxecto técnico, entendido como o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permitirá á Administración coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable. O proxecto que se pretende incluír o contido mínimo previsto pola normativa sobre prevención e seguridade en materia de incendios, deberá estar asinado polo/a técnico/a competente e deberá conter os datos e requisitos da normativa específica sobre edificación, prevención e control ambiental que sexan de aplicación aos proxectos construtivos e de actividades.
- Plan de emerxencia, plan de autoprotección, memoria de mobilidade ou estudo de avaliación da mobilidade xerada, estudo de impacto acústico e dispositivo de asistencia sanitaria, redactados de conformidade coa normativa vixente, e sempre que os seus contidos non se incorporasen ao proxecto técnico a que fai referencia a liña anterior.
- Declaración da persoa titular ou organizadora, se é o caso, onde faga constar o compromiso de contratación dos seguros previstos na lei 9/2013.
- Documentación requirida pola normativa de ruidos, quentamento, contaminación acústica, residuos e vibracións e, en todo caso, a que determine a normativa sobre prevención e control ambiental segundo corresponda en función das características do establecemento e das actividades que se van desenvolver nel.
- Documento acreditativo da designación, por quen solicite a licenza, da persoa que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do establecemento á licenza outorgada, no cal debe constar o nome, o enderezo e a titulación e habilitación profesional da persoa designada.
- Solicitude de licenza urbanística, se é o caso, acompañada pola documentación requirida pola normativa urbanística.
- Autorizacións sectoriais previas preceptivas
- Xustificante do pago de tributos correspondentes que establezan as ordenanzas fiscais
- Xustificante de estar dado de alta na Administración de Facenda no epígrafe ou epígrafes correspondentes ás actividades ou servizos obxecto de declaración.
- Escritura da sociedade, poder ou documentación acreditativa da representación, cando proceda.
- Certificado de seguridade e solidez referido ao local (estrutural) e ás instalacións, asinado por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional. No caso de edificacións cunha antigüidade inferior a dez anos poderase substituír este documento pola licenza de primeira ocupación do edificio ou acondicionamento do local.
- Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (título de propiedade ou contrato de arrendamento)

Carballo, .... de ..... de 20

Asinado \_\_\_\_\_

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, “a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da comunicación previa, determinara a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente.”

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Carballo. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

Estarán sometidas ao trámite de LICENZA DE ACTIVIDADE previa as relacionadas no artigo 41 da *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia*:

- a) A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos públicos cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.
- b) A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento.
- c) A celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles.
- d) A celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da comunidade autónoma, conforme o procedemento que regulamentariamente se estableza.
- e) A celebración dos espectáculos e festexos taurinos.
- f) A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos ou actividades recreativas cuxa normativa específica exixa a concesión de autorización.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CARBALLO